

Suxestión dirixida ao Concello de Marín para que verifique se lle facilitou á concelleira que promoveu a queixa toda a información que solicitou (e, nomeadamente, a do contrato menor e a factura correspondente) e para que, se non o fixo, proceda á súa entrega.

Expediente: N.9.Q/15588/23

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2024

Sra. alcaldesa:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de XXX, na súa calidade de portavoz do grupo municipal XXX de Marín, relativo a unha solicitude de acceso á información da Administración municipal.

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que o seu grupo municipal solicitou o acceso ao expediente relacionado coa Festa Corsaria de Marín o 24 de agosto de 2023. Aínda que se lles facilitou documentación ao respecto o 31 de agosto, alega que estaba incompleta. Por este motivo, o grupo reiterou a súa solicitude na Comisión Informativa de Medio Ambiente, Cultura, Benestar e Igualdade do 6 de setembro e no Pleno da Corporación do 14 de setembro. Con todo, manifesta que nunca chegou a obter unha resposta satisfactoria. Tamén denuncia que a información non está dispoñible na páxina web municipal.

Ante iso requirimos informe a esa Administración, que xa nolo remitiu. Ademais, remitiu dúas resolucións (expediente 2023 SE040-012). A primeira, do 30 de agosto, acorda facilitarlle á solicitante o acceso aos expedientes coas referencias: 2023 AL650-050, 2023 AL655-005, 2023 IN351-003 e 2023 170-006. A segunda, do 31 de agosto, amplíao a estes: 2023CO140-114, 2023CO140-115, 2023CO140-116, 2023CO140-117, 2023CO140-119, 2023CO140-121, 2023CO140-123, 2023CO140-124, 2023CO140-125, 2023CO140-127 e 2023CO140-129.

#### ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

1. A persoa que promoveu a queixa afirma que non se lle facilitou toda a información que solicitou. Visualizado o Pleno do 14 de setembro (<https://i.gal/XXX>), conséntase que manifestou que a documentación referente á resolución de adxudicación do contrato menor de decoración e ambientación, talleres e espectáculos correspondente á Festa Corsaria de Marín (núm. 2207), que aparentemente se remitira coa orde do día, non se correspondía con ese expediente, senón coa do contrato menor número 2206. A concelleira tamén denunciou que o erro non se emendou malia que un compañeiro seu o puxera de manifesto. A seguir, referiu que tamén carecían de información sobre os postos que se colocaron na alameda de Marín. Finalmente, preguntou por unha empresa aparentemente relacionada co evento.
2. De acordo co informe que a Administración municipal remitiu, na Comisión Informativa de Medio Ambiente, Cultura, Benestar Social e Igualdade do 6 de setembro, deuse lectura de todas as facturas correspondentes á Festa Corsaria, dado que algunhas non obraban nos expedientes correspondentes. No dito pleno, a concelleira do ramo asegurou que lle solicitaría á secretaría que completase o expediente. Ademais, afirmou que a empresa pola que se lle preguntou xestionou os fondos obtidos dos postos da Feira de Artesanía para realizar a Festa Corsaria, de maneira que se puidesen sufragar os soldos das persoas voluntarias e os premios (*vid.* <https://i.gal/XXX>).
3. Neste contexto, a solicitante afirma que non obtivo a información que pediu, nomeadamente, a relacionada co contrato menor e a factura correspondente. Segundo explica, tampouco se lle facilitou o informe de vida laboral do código de conta de cotización da empresa que xestionou a Festa Corsaria e que o Concello enviou a esta institución. En cambio, a Administración municipal remite dúas resolucións en que se concede o acceso a varios expedientes, dos que descoñecemos o contido. As actas que remite o Concello limítanse a recoller as manifestacións realizadas en varios órganos desa Corporación que poñen de manifesto ese desacordo. En definitiva, atopámonos ante dúas versións contradictorias sobre o obxecto da queixa e sobre o alcance da información solicitada e facilitada.
4. As persoas que compoñen as corporacións locais teñen dereito a obter a información que obre en poder da Administración local e que resulte necesaria para desenvolver a súa función, consonte os artigos 77 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL); 14 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro; e 226 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG). Este dereito non está condicionado a que a información se refira a asuntos que deban debaterse no Pleno (sentenza do Tribunal Supremo núm. 167/2022, do 10 de febreiro, ECLI:ES:TS:2022:486, FD 4).

5. Ademais, cómpre ter en conta que o dereito dos concelleiros a acceder á información da Administración municipal forma parte do núcleo inherente á función representativa que lles garante o artigo 23.1 da Constitución (*ibid.*, sentenza do Tribunal Constitucional núm. 10/2013, do 28 de xaneiro, ECLI:ES:TC:2013:10, FD 3). En consecuencia, faise necesario que o concello verifique se proporcionou toda a información solicitada. Nomeadamente, debería comprobar a referente ao contrato menor e á factura, que, segundo alegou a persoa que promoveu a queixa, non se facilitou por erros que nunca se chegaron a emendar, tal e como se explicaba nos apartados 1 e 2.
6. A concelleira que promoveu a queixa tamén denunciou que a información solicitada non estaba dispoñible na web do Concello de Marín.
7. Neste sentido, convén lembrar que as Administracións públicas están obrigadas a publicar no perfil do contratante a información relativa aos contratos menores, polo menos, trimestralmente, con indicación do seu obxecto, duración, importe de adxudicación, incluído o imposto sobre o valor engadido, e a identidade do adxudicatario, consonte o artigo 63.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público. Ademais, han de publicar o número de licitadores participantes de acordo co artigo 13.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
8. Consultado o perfil do contratante do Concello de Marín, consta que publicou a adxudicación dun contrato menor que ten por obxecto “a actuación do Grupo Música Turdión – Grimorium, teatro de calle Circocido, espectáculo Touche, con espadas, dous presentadores e 4 actores, Desfile Inglés e desfile con pirotecnia de man, incluíndo animación de rúa con animais fantásticos, diaños, piratas, camiñantes con motivo da Festa Corsaria 2023” (<https://i.gal/OsinG>). Así pois, agás erro, non se aprecia ningún incumprimento da normativa referida.

## CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, **suxerirille a ese concello que verifique se lle facilitou á concelleira que promoveu a queixa toda a información que solicitou (e, nomeadamente, a do contrato menor e a factura correspondente) e que, se non o fixo, proceda á súa entrega.**

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo